



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

BASES QUE REXEN NA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE 1 PRAZA DE OPERARIO/A DE OBRAS E SERVIZOS (CÓDIGO RP: 3037) RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR UNHA BAIXA POR ENFERMIDADE.

Base 1. Obxecto da convocatoria e duración do contrato

A convocatoria ten por obxecto a regulación do proceso selectivo mediante concurso-oposición para a cobertura como persoal laboral temporal dunha (1) praza de operario/a de obras e servizos (código RPT 3037) correspondente ao Grupo V, para cubrir unha baixa por enfermidade común.

A modalidade contractual será a dun contrato laboral temporal baixo a modalidade de contrato de substitución dos regulados no artigo 15.3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, por un período máximo de dous anos cunha xornada laboral a tempo completo e axustada ás necesidades do servizo para substituír ao operario en baixa laboral por enfermidade.

Base 2. Funcións da praza e retribucións

As funcións a desenvolver polo empregado/a serán as establecidas na relación de postos de traballo para o posto de operario/a de obras e servizos identificado co código 3017, 3027 e 3037 coas modificacións que se vaian producindo co transcurso do tempo e as prerrogativas de autoorganización da Administración.

O importe das retribucións serán as establecidas na relación de postos de traballo do concello para o posto de traballo definidos no parágrafo anterior e no anexo de persoal do orzamento municipal do concello.

Base 3. Sistema selectivo

Conforme ao establecido no artigo 61.7 do RDLex 5/2015 e os artigos 91 e 103 da LBRL será o concurso-oposición.

Base 4. Requisitos dos/as aspirantes

Para a admisión das persoas aspirantes para a realización das probas selectivas, será necesario cumprir os seguintes requisitos mínimos (artigo 56 do TREBEP):

- a) Nacionalidade. Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo as persoas estranxeiras con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións cos españois.
- b) Idade. Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Capacidade funcional. Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas obxecto do posto ofertado.

A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase pola correspondente certificación.



d) **Habilitación.** Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.

Así mesmo, de conformidade coa Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do menor, non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual.

e) **Compatibilidade.** Nos estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio de funcións públicas conforme ao establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

f) **Titulación.** Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións ou equivalentes:

- Certificado de escolaridade ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá terse posesión da credencial que acredite a súa homologación.

g) Estar en posesión do carne de conducir clase C.

h) Estar en posesión do CELGA 2 (ou superior) ou acreditación do coñecemento da lingua galega equivalente ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A dita acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos da Orde de 16 de xullo de 2007 e da Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica á anterior). En todo caso as persoas aspirantes que non acrediten o anterior, deberán realizar unha proba de conformidade co previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que será cualificada en todo caso como apto ou non apto. Os requisitos para concorrer están referidos ao último día de presentación de instancias, as persoas interesadas que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria, do contrario quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación desta.

i) Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación. (Requírese orixinal ou copia compulsada dos títulos).

Base 5. Presentación de solicitudes

1 Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar, no prazo e lugares sinalados no punto 4 desta base 5ª, a súa participación mediante a instancia que se recolle no Anexo I destas Bases, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello.

2 A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:

a) Fotocopia do DNI ou documento equivalente. Quedan eximidos da necesidade de presentación do DNI ou documento equivalente aqueles aspirantes que presenten a



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

súa instancia de xeito electrónico a través da sede electrónica do concello de Boqueixón.

b) Xustificante de pagamento da taxa por dereitos de exame.

Conforme á Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos. BOP n.º 147 de data 04/08/2022, a taxa de participación no proceso selectivo é a seguinte:

DEREITOS DE EXAME:	TAXA
Prazas encadradas no grupo E ou V ou asimilados	50 €

A taxa debe ingresarse no seguinte número de conta:
ABANCA ES51 2080 0320 2031 1000 0344

Indicarase no xustificante o nome e apelidos da persoa aspirante á praza e o nome da praza á que se presenta.

O cumprimento deste requisito deberá realizarse, inescusablemente, dentro do prazo de presentación de instancias. Non será posible a emenda, nin total nin parcial, fóra do citado prazo. Unicamente admitirase a emenda da acreditación da realización do pago no prazo indicado.

b) Copia da titulación requirida para ocupar a praza conforme ao previsto na base anterior.

d) Carne de conducir clase C.

e) Copia do CELGA 2 (ou superior) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para aquelas persoas aspirantes que desexen ser eximidos da realización da proba de galego.

h) Relación dos méritos alegados para ser valorados na fase de concurso conforme ao Anexo II destas bases xunto coa documentación acreditativa daqueles conforme ao previsto na base 9ª. Os méritos admisibles e avaliábeis serán unicamente os presentados no período establecido de presentación de solicitudes. A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

3 A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá ser presentada en copia simple do orixinal. Non obstante conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, o concello cando considere que existen dúbidas derivadas da calidade da copia, poderá solicitar o cotexo das copias aportadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal. En todo caso as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.



4 O prazo para a presentación de instancias, no rexistro xeral do concello (o Forte s/n, Boqueixón), ou de xeito telemático na Sede Electrónica do Concello de Boqueixón (<https://sede.boqueixon.com/sxc/es/>) ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, será de DEZ (10) DÍAS HÁBILES contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Se o derradeiro día fose inhábil o prazo rematará ao seguinte día hábil. No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR) deberá facelo constar mediante a remisión unha copia da instancia xa rexistrada ao correo electrónico emprego@boqueixon.com antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Base 6. Publicidade

A publicidade das bases faranse mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de edictos do concellos de Boqueixón, na páxina web municipal www.boqueixon.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Os resultados da valoración da fase de concurso e os resultados da fase de oposición, citacións e emprazamentos ás persoas aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón, medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario. Non obstante o concello, se o estima oportuno, poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.

Base 7. Admisión de aspirantes

Logo de rematar o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará Resolución, contendo:

- 1 A lista provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas con expresión dos motivos da exclusión.
- 2 A designación do tribunal cualificador.
- 3 Lugar e data para a valoración dos méritos. Dita resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello.

Dita resolución procederá a conceder un prazo de 10 días hábiles contados desde o día seguinte á publicación da mesma no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Boqueixón, para que as persoas interesadas que o consideren oportuno procedan a emendar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas contra a lista provisional de persoas admitidas. No caso de que no citado prazo non se presentasen reclamacións contra a lista provisional, ou non houbera ningunha persoa aspirante excluída, entenderase como definitiva.

As emendas referiranse exclusivamente a documentación existente e con data anterior á finalización do prazo para a presentación de solicitudes contemplado no punto 5.4



destas bases. No caso concreto das taxas so caberá a emenda de ter realizado o ingreso durante o prazo de presentación de instancias e non se aportase o xustificante de telo realizado, non admitíndose o ingreso posterior á data de finalización do prazo de presentación de instancias. Igualmente, non se admitirá a presentación de documentación acreditativa de méritos alegados que non fora aportada no prazo inicial de presentación de instancias ou a emenda ou corrección do Anexo II xa presentado.

No caso de que se presentasen alegacións ou emendas contra a resolución de aprobación da lista provisional, procederase a ditar nova resolución que aprobe a lista definitiva, que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Para dúbidas as persoas aspirantes poderán chamar ó 981513061.

Base 8. Tribunal cualificador

Consonte cos artigos 55 e 60 do RDLex 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, co Real Decreto 896/1991, polo que se establece as regras básicas e os programas mínimos aos que teñen que axustarse os procedementos de selección dos/as funcionarios/as na Administración Local e co artigo 11 do Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, o tribunal terá unha composición mínima de cinco membros e contará cos seguintes:

- Presidente:** Secretario da Corporación ou quen legalmente o substitúa ou funcionario/a en quen delegue.
- Secretario/a** Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou que legalmente o substitúa. Actuará con voz pero sen voto
- Vocal 1** Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou que legalmente o substitúa.
- Vocal 2** Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou que legalmente o substitúa.
- Vocal 3** Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada ou que legalmente o substitúa.

No momento do seu nomeamento designaranse as persoas suplentes dos seus integrantes.

As persoas integrantes do Tribunal deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando tiveran realizado tarefas de preparación a probas selectivas semellantes á aquí



convocada nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Ass persoas aspirantes, igualmente, poderán recusar aos membros do Tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

Para a válida constitución do tribunal terán que estar presentes o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas que legalmente as substitúan e dous dos vocais. De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público o Tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia. Nas sesións que celebre o tribunal a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produzan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

O tribunal de selección poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante. Sempre que así o acorde o Tribunal, no caso de ser necesario a realización de sorteos de desempate entre dous aspirantes, este poderase realizar en acto público coa soa presenza de a lo menos dous dos membros do Tribunal onde un deles obrigatoriamente terá que ser o/a Secretario/a.

Base 9. Proceso de selección

As persoas candidatas admitidas participarán nun proceso selectivo con realización de baremación de méritos e proba/s práctica/s.

A consideración dos méritos estará orientada a valorar a idoneidade das persoas candidatas para cumprir coas funcións propias do corpo e escala de destino en relación coa praza convocada.

O Tribunal valorará exclusivamente os méritos relacionados pola persoa aspirante no Anexo II con independencia da documentación achegada.

Datas para a realización das probas.

Os/as candidatos/s deberán presentarse, na data e hora que se estableza cando se publique o listado definitivo de persoas admitidas e excluídas no proceso, e realizarse nas dependencias municipais do Concello de Boqueixón, co DNI e carné de conducir

C. O Tribunal realizará un fase de oposición que puntuará un máximo de 9 puntos e unha fase de concurso que puntuará un máximo de 6 puntos, sumando como máximo 15 puntos todo o proceso selectivo, tal e como segue:

Fase do proceso selectivo	Contido	Máximo a puntuar
Oposición	Proba/s práctica/s	Mínimo: 4,5 puntos Máximo: 9 puntos



Concurso	Méritos profesionais	Máximo: 4 puntos
	Méritos de formación	Máximo: 2 puntos

9.1 FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS (máximo 6 puntos):

Ás persoas aspirantes valoraráselles os méritos xustificados documentalmente. O baremo para a valoración de méritos é o seguinte (ata un máximo de 6 puntos):

9.1.a) Méritos profesionais. Valorase a experiencia laboral previa ata un máximo de 4 puntos.

Servizos efectivos prestados en Administracións Públicas, en empresas privadas ou por conta propia, en posto de traballo igual ou similares características ó que se aspira: 0,10 puntos por mes traballado.

Non se computarán os períodos inferiores a un mes, considerándose a estes efectos os meses de 30 días.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional, salvo que a persoa aspirante acredite que foron servizos prestados durante o período en que se goce dunha redución de xornada por algunha das causas legalmente previstas por conciliación da vida familiar e laboral, que serán valorados como servizos prestados en réxime de xornada completa. Para estes efectos considéranse servizos efectivos os prestados en situación de servizos especiais e de excedencia por coidado de fillos/as e familiares, excedencia por razón da violencia de xénero e excedencia por razón de violencia terrorista.

A forma de acreditación dos servizos será mediante contrato de traballo e certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

No caso de que a relación fose funcional deberá acreditarse mediante a resolución do nomeamento, a toma de posesión e a certificación da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Naqueles casos nos que da documentación anterior non se deduzan, claramente, as funcións e prazas desempeñadas, a persoa aspirante deberá achegar, a maiores, un certificado comprensivo das funcións, grupo e especialidade, indicando ademais, cando sexa necesario polas características singulares da praza/posto, o servizo/departamento no que se realizaban, expedido pola administración/empresa na que prestou os servizos que quere que se lle valoren.

Non se terán en conta outras formas de acreditación dos servizos e, en ningún caso, un certificado de servizos prestados poderá substituír o contrato de traballo ou a resolución de nomeamento e/ou a toma de posesión.

Aquelas persoas candidatas que traballasen no concello de Boqueixón poderán solicitar mediante a presentación do anexo que se xunta, para que o concello lle



expida a correspondente certificación.

9.1.b) Formación. Valórase a formación ata un máximo de 2 puntos.

O criterio de valoración da formación é que a formación acreditada ten que ter unha relación directa coas funcións a desenvolver na praza convocada.

- Curso de aptitude profesional (CAP) de condutores. 0,75 puntos.
- Cursos entre 10 e 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Cursos entre 21 e 30 horas de duración: 0,20 puntos.
- Curso entre 31 e 40 horas de duración: 0,30 puntos.
- Curso entre 41 e 50 horas de duración: 0,40 puntos.
- Curso de máis de 51 horas de duración: 0,45 puntos.

2 Os méritos que aleguen as persoas interesadas e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acreditaranse debidamente por medio de documentos

(diplomas, certificados ou títulos que indiquen o número de horas e os contidos impartidos) orixinais ou fotocopias destes, que presentarán cotexadas, significándose que non se valoraran aqueles méritos que a comisión considere que non estivesen suficientemente acreditados.

3 Os méritos admisibles e avaliábeis serán unicamente os causados ata a data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias. A falta de acreditación dos méritos non será emendable e xerará a non valoración dos mesmos.

9.2 FASE DE OPOSICIÓN (máximo 9 puntos):

Esta fase ten **carácter obrigatoria e eliminatoria**, consistirá na realización dunha ou varias probas prácticas e terá unha puntuación máxima de 9 puntos, sendo 4,5 puntos a puntuación mínima esixida para superar esta proba.

Consistirá nunha ou varias probas de carácter práctico acordada/s polo tribunal antes da realización das mesmas, determinando tamén o tempo de realización e a puntuación de cada unha delas.

As probas estarán relacionadas coas labores propias do posto de traballo a desenvolver e efectuarase cos medios materiais e técnicos que se lle asignen dende o concello e que inclúe o manexo de furgonetas de 5 e 9 prazas, pickups, motobomba forestal, motobomba urbana, camión do lixo, varredora, vehículo todoterreo, tractor con desbrozadora (brazo e arrastrada), tractor con remolque, rider, cortacespede, motoserra, desbrozadora e cortasetos.

Corresponderá ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos e habilidades esixidos para acadar a puntuación mínima.

Para realizar a/s proba/ práctica/s o tribunal de selección decidirá o protocolo a seguir sobre a convocatoria presencial ás persoas candidatas.

9.3 Criterios de desempate

No caso de empate a orde do desempate establecerase atendendo sucesivamente ós seguintes criterios:

- a) Maior puntuación acadada no apartado de experiencia laboral.
- b) Maior puntuación acadada na proba/s práctica/s.
- c) Maior puntuación acadada no apartado de formación.
- d) Maior número de días en desemprego, acreditado mediante informe de vida



laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social presentado polas persoas aspirantes.

No caso de que persista o empate, atenderase á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética aprobada pola Xunta de Galicia que marca a orde de actuación dos/as aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Autonómica de Galicia que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2023 (letra "V", DOG núm. 18 do 26 de febreiro de 2023).

Nos apelidos compostos coa preposición de, da, do, de la, d'..., a mesma non será tida en conta (por exemplo: Marta de Varela. A letra a ter en conta será o "V"). De persistir o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así ata desfacer o empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.

9.4 Proba de coñecemento da lingua galega

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que (...) *para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego po parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluíranse un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte á normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega (...).*

Polo tanto, todos aquelas persoas aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega conforme ao previsto na base 5.1.d) das presentes bases deberán someterse a unha proba de galego de 30 minutos de duración como máximo e que será cualificada como apto / non apto. Estarán exentas da realización deste exame de galego as persoas aspirantes que teñan acreditado o coñecemento da lingua galega, mediante a presentación do correspondente certificado de aptitude (CELGA ou equivalente) que corresponda, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Base 10. Publicación de puntuacións e proposta de nomeamento.

Concluídas as probas selectivas o Tribunal fará pública a través do taboleiro de anuncios da sede electrónico municipal a puntuación outorgada a cada aspirante e concederase un prazo de 3 días hábiles para a presentación de alegacións ou reclamacións.

Transcorrido dito prazo o Tribunal resolverá as alegacións ou reclamacións presentadas, e no caso de non realizarse ningunha, consideraranse como definitivas as puntuacións outorgadas.

A puntuación definitiva farase igualmente pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Concluídas as probas selectivas e fixadas as puntuacións definitivas o Tribunal realizará proposta de nomeamento/contratación da persoa aspirante que reúna maior puntuación na sumas das puntuacións obtidas e que teña no seu caso superado a proba de galego.



Non obstante, sempre que o Tribunal teña proposto o nomeamento ou a contratación de igual número de persoas aspirantes que de prazas convocadas, na proposta tamén figurará unha relación complementaria, por orde descendente da puntuación acadada, daqueles aspirantes que non teñan sido propostos para a selección e nomeamento, de tal xeito que cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou cando da documentación achegada se desprenda que non cumpren cos requisitos esixidos na convocatoria ou por circunstancias sobrevidas se deduza a imposibilidade de incorporación dalgún aspirante antes do seu nomeamento ou firma do contrato laboral procederase a propoñer ao aspirante que quedara en seguinte lugar.

Base 11. Presentación de documentos polo aspirante proposto

O/A aspirante proposto/a, achegará no prazo máximo de 10 días naturais, contados a partir da publicación da lista de puntuacións definitiva no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, os documentos seguintes:

1º Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, o acceso ó emprego público.

2º Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

3º Documento de autorización ao uso e cesión de datos de carácter persoal a favor do Concello de Boqueixón en modelo facilitado polo concello.

4º Comunicación do número de afiliación á seguridade social.

5º Certificación de número de conta bancario expedido pola entidade bancaria.

No mesmo prazo sinalado para a presentación da documentación, a persoa aspirante seleccionada someterase a recoñecemento médico polos servizos do Concello, para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

As persoas aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade do desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base ou non sometemento ao recoñecemento médico esixido e agás nos casos de forza maior,



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados nestas bases, suporá que a persoa aspirante non poderá ser contratada e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación. Neste caso procederá a requirírselle a documentación á persoa aspirante que tivera quedado en segunda posición concedéndolle idéntico prazo para que proceda a presentala.

Base 12. Nomeamento e toma de posesión

O Alcalde-Presidente procederá á contratación do candidato proposto polo Tribunal unha vez presenten a correspondente documentación.

Unha vez presentada toda a documentación, notificaráselle á persoa interesada que cumpre con todos os requisitos, debendo no prazo de 7 días naturais contados desde a notificación comparecer para a formalización do contrato. Deberá comunicar por escrito a data na que pretende comparecer para a formalización do contrato a lo menos con 2 días de antelación.

De non comparecer no prazo de 7 días naturais anteriormente indicados, sen mediar causa xustificada será declarado en situación de cesante e procedéndose ao chamamento da seguinte persoa aspirante que tivera a mellor puntuación para que aporte a documentación sinalada nestas bases e formalice o contrato laboral.

Base 13. Recursos

Contra a resolución de alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así mesmo poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o Alcalde-Presidente, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido notificación da resolución do mesmo este se poderá entender desestimado conforme ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Sen prexuízo do período de alegacións establecido na base 10, contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada no



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

prazo de un (1) mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso conforme o previsto no artigo 122.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Base 14. Normativa de aplicación

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público; Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como a restante normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

Base 15. Protección de datos de carácter persoal

A participación no proceso selectivo implica o coñecemento, aceptación e consentimento para que os datos persoais aportados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no taboleiro de edictos e sede electrónica na web municipal: <https://www.boqueixon.gal/>, anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña cando así o requirise a tramitación do procedemento.

Por aplicación do principio de protección de datos os datos persoais que poden ser obxecto de publicación son o nome, apelidos e número de Documento Nacional de Identidade, no xeito previsto legalmente.